

KIRIGAMI

O Kirigami é o arte e a técnica de cortar o papel debuxando coas tesoiras.


Estas manualidades podedes adaptalas a diferentes idades (recotar, picar..)

FACENDO MANTÉIS (imitando os copos de neve)

Ao igual ca nosa amiguiña a “araña Sofía”, podemos facer lindas teas de araña empregando a técnica do Kirigami.

Precisamos facer un cadrado. Se dispoñemos dun folio seguimos os seguintes pasos.

1º Dobramos dando a forma dun triángulo. Marcamos co lápis e recortamos polo trazo. Xa temos un cadrado.




2º Dobramos pola diagonal xuntando os vértices e obtemos un triángulo.



3º Facemos dúas dobreces máis, sempre dando a forma triangular.



4º Debuxamos a lápis a decoración que nos apetece e recortamos. No Kirigami o debuxo faise directamente coas tesoiras pero no caso dos cativos é mellor debuxar .



5º Agora abrimos e xa temos os nosos mantéis.




KIRIGAMI

FACENDO UNHA TEA DE ARAÑA

Precisamos facer un cadrado. Se dispoñemos dun folio seguimos os seguintes pasos.

1º Dobramos dando a forma dun triángulo. Marcamos co lápis e recortamos polo trazo. Xa temos un cadrado.



2º Dobramos pola diagonal xuntando os vértices e obtemos un triángulo.




3º Facemos tres dobreces máis, sempre dando a forma triangular.



4º Na derradeira dobrez recortamos o pequeno triángulo que nos sobra.



5º Debuxamos a lápiz as liñas da tea de araña e despois recortamos.



6º Agora abrimos e xa temos a nosa tea de araña.



MANUALIDADES DE ARAÑAS E TEAS DE ARAÑA

(Reciclar-Reutilizar-Reducir)

ARAÑAS CON :TAPAS DE BOTELLAS -ROLOS DE PAPEL HIGIÉNICO -RECIPIENTES DE OVOŠ - CÁPSULAS DE CAFÉ - CARTULINA - TÉMPERA



TEAS DE ARAÑA CON :PAUŠ DE XEADOŠ -PAUŠ CHINOŠ - FÍOŠ DE LA

